



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2020

**DIANA VARELA PUÑAL
MULLERES DONAS DO SEU SOLDADO**



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg-gal



Deputación
DA CORUÑA

MULLERES DONAS DO SEU SOLDADO

Diana Varela Puñal

A liberdade pasa pola independencia económica

Ser donas e señoras da nosa economía é unha ferramenta esencial. Por iso cando a A.E.L.G. me propuxo participar na actividade Paseos Literarios pola Coruña, de inmediato pensei que cumpría recoñecer a esta cidade como un lugar onde, en coherencia coa súa secular cualificación de progresista, xogou un papel determinante posibilitando o acceso ó traballo remunerado —fóra do fogar—, das mulleres. Aludo de maneira expresa a que se trataba de postos de traballo que non tiñan que ver coas tarefas domésticas (asistentas, lavadeiras, coidadoras etc...) pois estas outras actividades seguían —e seguen en moitos casos— sen estaren reguladas. Non era así no caso das fábricas coruñesas, onde as bravas mulleres eran “donas do seu soldo” e mesmo protagonizaron algunhas das manifestacións máis destacadas reclamando dereitos laborais, ata o punto de que deron a volta a España e acabaron por formar parte de novelas e escritos que chegaron ata os nosos días.

A Fábrica de Tabacos

Unha das fábricas sobranceiras era a Tabacaleira, que pasou á historia da literatura grazas a dona Emilia Pardo Bazán e á súa novela *La Tribuna*, onde relata as duras circunstancias daquelas cigarreiras que levaron a termo a primeira folga de mulleres en Galicia, reclamando a mellora das súas condicións de traballo.

Hoxe en día a Fábrica de Tabacos é a sede da Audiencia Provincial, pero aínda conserva algúns dos apeiros que daquela se usaban para a manipulación do tabaco. Dise que chegaron a traballar ó redor de 4.000 mulleres, o que dá conta do movemento económico que xeraba aquela industria.

Lonxe do que desde hai relativamente pouco tempo se quere facer ver desde certos sectores, A Coruña non era un lugar de “paseo”, cunha economía baseada en exclusiva no “sector servizos”, senón que estaba perfectamente configurada como unha localidade industrial que posibilitou e facilitou o acceso ó traballo de moitísima xente, en particular das mulleres. Tal é así que ata o ano 1936 foi unha das cidades onde máis folgas (e máis longas) houbo de toda España. Unha das razóns era que o traballo de ambos conviventes viabilizaba que, se un secundaba a folga, a compañeira trouxese o

soldo para a casa. Cómpre lembrar que na cidade herculina houbo unha arraigada tradición anarquista (Monte Alto, Os Castros, A Gaitreira eran barrios emblemáticos no asociacionismo) o cal loxicamente favorecía a actividade folguista e a conciencia da necesidade de reclamar os dereitos laborais. Só a partir da Guerra Civil, liquidada boa parte da industria (as fábricas, negocios, academias etc..., propiedade de persoas partidarias da República foron fulminadas), deostado o traballo feminino en base a teorías relixiosas practicamente medievais, e esmagado calquera dexerxo de reclamación laboral, A Coruña comezou a tornar no que hogano se pretende que sexa, unha cidade baseada en exclusiva nun suposto turismo (por forza, inestable e demasiado vulnerable a calquera mínima crise) que acabou por levar á miseria á centos de familias.

Non era así na época de dona Emilia Pardo Bazán, e mesmo ata non hai demasiado tempo cando, antes do apoxeo inmobiliario e de que uns cantos se fixesen multimillonarios coa venda de terreos para grandes superficies, había un tecido comercial que facía da Coruña un lugar onde se podía vivir dignamente. Onde os barrios estaban artellados de tal maneira que os locais se “protexían” e complementaban os uns ós outros, fomentando así mesmo a seguridade veciñal.

As mulleres coruñesas rexentaban algúns dos negocios máis fermosos e sobranceiros de Galicia, e moita xente viaxaba desde outras localidades para mercar os marabillosos produtos que aquí había á venda: eran famosas as casas de tecidos, unha industria (as fábricas de tea da Coruña eran de recoñecido prestixio) que daba traballo a centos de mulleres e que paralelamente fomentou a creación de mercerías, modistas, sombrereirías etc... Ao respecto da fabricación de sombreiros, compre dicir que o xénero coruñés era premiado mesmo nas famosas exposicións de París e Londres, e incluso se fabricaban chapeus de palla recoñecidos en Europa pola súa calidade e beleza.

A fábrica de “panos finos e tecidos de la, lenzos e manteis de liño” ocupaba gran parte dos edificios das rúas Estrela e Mantelería, nomeada así por estar alí emprazada esta empresa. Ademais de empregar moita man de obra, servía á Casa Real, competindo en pé de igualdade cos produtos alemás que, como sabemos, mesmo a día de hoxe seguen a ser dos máis prestixiosos de Europa. Por desgraza non sucedeu así na Coruña debido ó proceso de desindustrialización. O recoñecemento acadado polo noso antigo gusto polo traballo ben feito e o xénero de calidade, ademais de ter repercusións positivas na economía, posicionaba á cidade a nivel europeo máis alá dun turismo groseiro de baratiño, enchentas de comida e borracheiras.

Tan só un dato serve para exemplificar e resumir a fabulosa riqueza, a diversidade, os oficios que palpitaban daquela na Coruña: a mediados do século XIX había 90 fábricas que daban de comer a preto de 6.000 persoas, das cales case 5.000 eran mulleres. E non digamos todas as profesións “secundarias” (talleres, comercios etc...) que

agromaban a carón desas grandes empresas e que daban tamén traballo a moitas persoas, mulleres e homes. Coido que con isto queda perfectamente xustificado o motivo deste “Paseo Literario”.

Había fábricas relacionadas coa industria alimentaria (dende cervexa e destilerías como a que había en Monelos, ata fideos para a sopa!, esta última na rúa Galera), salazóns (case todas situadas na Palloza), matadoiro (na zona que hoxe en día leva o mesmo nome), fábrica de vidro, de xabón, de ladrillos, cordelería (véxase a rúa así chamada), cintas e pasamanería, peites, puntas, espellos, algodón... E como non, de mistos, vinculado obviamente á Tabacaleira e onde tamén as traballadoras eran sobre todo mulleres. A Fábrica de mistos, de enormes dimensións, estaba emprazada no que hoxe en día se coñece como San Pedro de Mezonzo e deu lugar a que na praciña de Monforte, case a carón dos edificios que agora serven como Xulgados, se erguese unha escultura en homenaxe ás vendedoras de mistos. É obvio que a presenza dos oficios femininos formaba parte do día a día coruñés, grazas en boa medida ó traballo fabril.

A industrialización da Coruña e en particular a creación de manufacturas que incorporaron mulleres, foi un proceso que tivo como punto de partida o crecemento da actividade portuaria, o cal favoreceu a prosperidade da poboación en xeral. Tal é así que, antes de que a Fábrica de Tabacos fose a Tabacaleira, era a sede do correo marítimo e aínda se conservan os sinais no propio edificio, hoxe con funcións relacionadas coa Administración de Xustiza.

Esa prosperidade económica coadxuvou ó acceso á educación de moitas mulleres, tanto porque vagariño comezou a xurdir unha pequena burguesía vinculada a actividade comercial, como polo movemento asociacionista que loitaba, mesmo con ferramentas precarias, pola alfabetización porque, antes como agora, “o saber é poder”.

Unha das máis destacadas mulleres a quen non podemos deixar de lembrar pola súa “teima” na educación como ferramenta para acadar a dignidade, é a tamén galega Concepción Arenal. Coidamos que a súa referencia é acaída por canto foi unha das primeiras mulleres que estudou (e se licenciou en Dereito), para o cal mesmo parece que se tiña que disfrazar de home. O seu pensamento eran tan lúcido como para expresar publicamente o seu desconcerto ante o feito de que unha muller puidese “exercer” como raíña, pero non lle permitisen ser funcionaria; ou que unha muller fose a “nai do Señor”, pero non puidese ser sacerdotisa...

Considerada como unha das pioneiras no que máis tarde se denominou feminismo, nun libro que se titula *A educación da muller* razoa o seguinte:

É un erro grave e dos máis prexudiciais, inculcar á muller que a súa misión única é a de esposa e nai [...]. O primeiro que necesita a muller é afirmar a súa personalidade, independentemente do seu estado, e persuadirse de que,

solteira, casada ou viúva, ten dereitos que cumprir, dereitos que reclamar, dignidade que non depende de ninguén, un traballo que realizar e idea de que é cousa seria, grave, a vida e que se a toma como un xogo, ela será indefectiblemente un xoguete.

Sendo como agora é sede xudicial, como remate do capítulo dedicado á Fábrica de Tabacos non podemos tampouco deixar de mencionar a Clara Campoamor ou Victoria Kent, outras das mulleres esenciais para a consecución dos dereitos femininos. Se ben as mulleres da Tabacaleira reclamaban melloras laborais e mesmo se confinaron no edificio tirando polas fiestras máquinas e mobiliario, ata que as tiveron que reducir á forza e levalas detidas, a xurista Clara Campoamor foi unha destacada sufraxista.

Retomamos as palabras de dona Emilia Pardo Bazán, autora de *La Tribuna* onde pon en valor a valentía, a coherencia e a intelixencia da súa protagonista, unha cigarreira da Fábrica de Tabacos. Dona Emilia, que reivindicou unha e outra vez o dereito á educación das mulleres, dicía: *“Non pode, en rigor, a educación actual da muller chamarse tal educación, senón dogma, pois ten como fin a obediencia, a pasividade e a submisión”*.

Defectos que non eran desde logo, nin os seus propios nin os de Amparo, a obreira que puxo en pé a toda Coruña reclamando os seus dereitos na Fábrica de Tabaco.

A fábrica de zapatos

Outro dos fitos na industrialización da Coruña, tanto pola súa achega á economía como polo seu pensamento, foi Ángel Senra, un dos empresarios máis importantes da súa época en todo o Estado Español. Partidario da mellora das condicións laborais das súas traballadoras e traballadores, así o reflectiu na súa fábrica de zapatos, ubicada no que a día hoxe é a zona da Estación de Tren coruñesa.

A pesar da súa orixe humilde, orfo desde pequeniño, chegou a ser o primeiro alcalde republicano da Coruña, e nas súas fábricas traballaron algúns dos intelectuais máis sobranceiros do galeguismo, como Víctor Casas, asasinado na Guerra Civil.

Senra nacera en Noia, unha vila de tradición zapateira e foi alí onde comezou de aprendiz até erixir unha das industrias máis significativas de España. Na súa fábrica da Coruña fixéronse as botas dos soldados que participaron na Primeira Guerra Mundial, e todo sen perder de vista a súa ideoloxía progresista. As melloras laborais que aplicaba convertérono nun dos patróns máis senlleiros da historia de Galicia, chegando a instalar unha zona de recreo na propia fábrica. Aquelas medidas de carácter social aínda hoxe sorprenden pola súa modernidade e deberan ser un espello para moitas empresas, que están a anos luz do concepto de Senra: a combinación da cultura coa economía e a mellora social. Quizais por iso ficou na historia como un empresario

fascinante e ó seu enterro asistiu unha multitude cos seus traballadores á fronte, aflixidos pola perda dun home e un patrón insubstituíble. Anécdota que non deixa de ser relevante pois aquelas empregadas e empregados eran os “indomables anarquistas da C.N.T.” que, como sinalamos, estaban moi presentes na Coruña no seo do movemento obreiro.

As pescantinas

Dicíamos que a industrialización da Coruña tivo como punto de partida o crecemento da actividade portuaria, e nese proceso sería ofensivo esquecer ás mulleres que traballaron –e seguen traballando arreo– neste sector crucial en Galicia. Desde as pescantinas (que apoiaron especialmente as reclamacións das obreiras da Tabacaleira, mesmo enfrontándose ás autoridades, en coherencia coa súa provervial bravura), ás redeiras ou percebeiras.

A presenza feminina nas labores relacionadas co mar foi e segue a ser fundamental, malia ser tratada decote de maneira secundaria: ademáis de estar infra-pagada, as condicións laborais seguen a ser pésimas pese á dureza do seu oficio e as consecuencias que adoito ten na saúde e mesmo na supervivencia, como é o caso das percebeiras, que poñen en risco a vida cada vez que van traballar. Isto, por sorte, estase emendando grazas ás reivindicacións de mulleres asociadas como as redeiras, reclamacións que son posibles pola recen acadada liberdade de expresión no que atinxe á muller, dereito fundamental, como tantos outros, do que estábamos excluídas.

Como cormelana que son, neta e bisneta de pescantinas que andaban quilómetros coa patela de peixe sobre o mulido da cabeza, lembro á miña conveciña a quen disque un namorado concelleiro, homenaxeou nomeando unha fermosa praciña coruñesa como “A cormelana”, (a carón da praza de Pontevedra) en paralelo á fermosura que disque tiña a rapaza.

En Dublín, a pescantina Molly Malon é a protagonista do himno, e resulta que a nosa pesca viña desde o meu Corne natal vender peixe á Coruña. Traballadoras do mar, pescantinas, mulleres bravas que pelexaron por seren donas do seu soldo:

O COI

*Meu avó trezaba a primavera
cuns cois de corda branca
que penduraba de lado a lado
da azotea.
Se iamos xantar á praia*

*ou á festa do Faro en setembro,
anoábaos a dúas árbores
pola mañá moi cedo,
para gardar o sitio.
Os cois anunciaban
ir correndo á Ribeira
buscarlle a cesta verde
de xurelos, fanecas,
señoritas, rubias laranxas
e algún que outro rei.
As mans lixeiras de miña avoa
brillaban na auga salsa
entre aquelas cores,
bulindo inquedas as escamas
como estrelas polo chan,
agochándose entre o pelo.
O coro facían as gaivotas
co seu balbordo xarelo,
agardando algún peixiño esquecido.
A min sempre me encargaban
a misión de arredalas.
¡Que fermosas as mulleres
limpando o peixe!
Neses labores non falan,
cantan.*

EPÍLOGO

A misoxinia é fascismo

Para contextualizar o meu planteamento de que a liberación da muller pasa pola independencia económica, é necesario deixar constancia das razóns polas que penso se forzou a súa dependencia, en base a unha construción cultural e ideolóxica esencialmente idéntica ó que se acabou por denominar fascismo.

Para argumentar esta afirmación, uso un artigo de Umberto Eco, titulado *Os 14 síntomas do fascismo eterno*, onde nos brinda un valioso guieiro para detectar esta ideoloxía, ou forma de estar no mundo. Tal e como puntualiza Eco, estas características “non poden ficar encadradas nun sistema; moitas contradínse

mutuamente e son típicas doutras formas de despotismo ou fanatismo, pero abonda con que unha delas estea presente para facer callar unha nebulosa fascista”.

A condición da muller, ou para ser exactos, a non condición da muller, considerada durante séculos ao mesmo nivel dun animal doméstico –con funcións sexuais e/ou reprodutivas, e de atención ó fogar–, é un dos motivos polo que a misoxinia non se tivo en conta para incluírse dentro da conduta típica do fascismo. Sinxelamente porque a metade da humanidade non se tiña en consideración, fóra da súa animalidade. Isto explica que persoas supostamente de ideoloxías progresistas, presenten condutas fascitoides en canto misóxinos.

Dúas aclaracións: cando aludimos á misoxinia como “aversión á muller ou falta de confianza nela”, estamos a falar de todas e cada unha das súas formas de manifestación, desde os coñecidos como micro-machismos, ata a agresión física. Isto é así porque aínda que as expresións misóxinas do primeiro estadio na pirámide da violencia de xénero, poidan ser consideradas inocuas ou de escasa envergadura (de feito a nivel xurídico é practicamente imposible a súa punición), a curto ou longo prazo poden rematar nun asasinato. Por isto cómpre telas moi en conta en calquera análise sobre a violencia exercida sobre as mulleres: lograr que a sociedade “sancione” as primeiras condutas, acabará por reverter tamén a máis terrible das exhibicións misóxinas, que é o asasinato.

E cando afirmamos que a condición da muller foi practicamente parella á dun animal doméstico, damos por feito que, en moitos casos, isto non exclúe o afecto, tal e como acontece con aqueles outros. O que sucede é que se trata duns “animais domésticos” con características demasiado valiosas como para que os misóxinos vaian aceptar pacificamente prescindir delas.

Mais o afecto ten tamén unha dobre lectura: é seguramente o motivo polo que as propias mulleres nalgúns casos non son conscientes da súa situación, ou da violencia que elas mesmas exercen sobre outras conxéneres, maiormente a través do control social. Pois é no seo da familia (onde se presupón o afecto), onde con máis eficacia e virulencia se exerce o autoritarismo, a veces expresado en comentarios supostamente inofensivos sobre a vestimenta, os hábitos, amizades, ideas, aspiracións etc... Críticas en moitos casos realizadas polas mulleres da propia casa: da nai á filla, da tía á sobriña, da irmán á outra irmán etc... Ó mediar o afecto, a percepción da problemática tórnase especialmente complexa cando estamos referíndonos a manifestacións misóxinas do “primeiro estadio”, onde a forma de violencia é sobre todo de vixilancia ou de imposición de roles.

Así pois, facendo uso deste guieiro de Umberto Eco, tratarei de argumentar o postulado máis arriba exposto, que a misoxinia é unha forma de expresión fascista:

1º.- Culto á tradición:

Coido que resulta innegable que a maior parte das condutas socialmente aparelladas ou adxudicadas á muller (tanto a nivel positivo como negativo), son froito da tradición. A consideración como virtude da suposta querenza das mulleres polo coidado do fogar, a procreación, a sensiblería..., e en sentido oposto, o deostamento da muller que non acredita niso, son postulados sen ningún tipo de base científica ou psicolóxica, máis alá da “literatura” creada a pé feito para manter á muller amarrada á casa, baixo estrita vixilancia familiar. É dicir, “tradicionalmente” ese foi o papel da muller e en base a esa tradición, moitas persoas manteñen ese tipo de roles por mera repetición, por un apego ridículo ó que francamente é mellorable.

2º.- O tradicionalismo implica o rexeitamento da Modernidade:

“Sangue e terra” (*Blut und Boden*), era unha das frases lapidarias do nazismo, e non me digan que non pode estar mellor traído para o tratamento que durante séculos se ten feito da muller.

Sangue e terra son as dúas pedras angulares que sobrevoan sobre a condición feminina e, quen pretenda esquivalas, será obxecto de recriminación, reproche e en moitos casos, castigo (durante séculos con función exemplificadora).

Así, calquera muller que pretenda “fuxir” da familia (sangue) ou da terra, é dicir, calquera muller que queira ser sinxelamente independente e libre, de inmediato será cualificada de “rara” ou “tola” ou “depravada”... Cando non, destinataria de burlas, ou de críticas desapiadadas.

3º.- Irracionalismo-culto á acción:

Na ideoloxía da misoxinia (como expresión fascitoide) mesmo se ten acuñado o termo de “crime pasional”, de modo que a acción aparece vinculada á paixón. É dicir, desbótase o amor (que en esencia é imposible que exista sen liberdade, como todo sentimento elevado) para priorizar unha suposta paixón, como forma, ou máis ben deformación do amor. Priorízase a dominación sobre o diálogo, ou a imposición sobre a pregunta. Na ideoloxía misóxina, como en todo fascismo, priorízase pois a acción sobre a reflexión.

4º.- Desacordo=traizón:

Toda muller que se negue a aceptar os roles que lle veñen impostos polo sinxelo feito de nacer cuns determinados órganos, será cualificada de “traidora” e, por ende,

obxecto de castigo, burlas e desprezo. Hai abundosa fraseoloxía que o recolle: vas quedar para vestir santos; solteirona; pendanga; indecente; é un pouco rariña... Ou en sentido contrario: é unha muller como deus manda; é unha santa; é unha muller da súa casa; é unha muller como as de antes...

5º.- Medo á diferenza:

O home (algúns homes) temen achegarse ou relacionarse cunha muller que non “acate” os roles impostos, pero que nada teñen que ver coa individualidade de cada muller, como ser único. A diferenza é sempre un elemento de visibilización, unha chamada de atención, que desde a ideoloxía misóxina se sanciona a nivel social.

Sanciona ó home que acepte que a “súa muller” sexa diferente. Vese en expresións como “é un calzonazos”, ou é “un canciño faldriqueiro”.

E con especial saña, sanciona á muller “diferente”. Por este motivo, tal é o medo (o terror) a ser sinalada como discordante, que renuncia quizais a un tipo de vida máis coherente coas apetencias ou inclinacións persoais, pero que sacrifica ante a posibilidade de ser tachada como “diferente”.

O acceso á educación e á independencia económica (coadxuvantes da independencia emocional), fan que esa “loita” interior feminina sexa cada vez máis acusada e máis mulleres se atrevan a amosar as súas discrepancias e a rebelarse, por iso o movemento feminista a cada paso é máis transversal.

6º.- Frustración social ou individual desde un punto de vista masculino e feminino.

No tocante á masculinidade, resulta curioso observar como homes supostamente progresistas, vense frustrados, tanto desde un punto de vista persoal, como social, se a muller os “abandona”, feito ante o que reaccionan violentamente. Isto demostra que a misoxinia está tan inoculada no ADN social, que condutas fascitoides de tal calibre nin sequera son recoñecidas por persoas que (en teoría) din acreditar en ideoloxías progresistas. Isto explica que o home misóxino se vexa frustrado se a muller que “elixiu” como parella non acata aqueles roles que socialmente lle foron impostos... a ambos. E de aí vén a reacción violenta: non aceptan un non por resposta e non só por orgullo, senón porque eles mesmos se frustran a nivel individual e social.

Desde o punto de vista feminino, moitos dos ataques e da virulencia exercida de mulleres sobre mulleres (na súa forma de control social, de crítica, de exclusión...) procede da propia frustración social e individual: incapaces de exercer a súa liberdade, séntense frustradas se outra muller lle evidencia que é posible vivir de maneira

distinta. Entón críticana, castígana, ridiculízana para deixar ben claro que a opción correcta é a súa, e non ter que mirarse no espello da súa propia frustración.

7º.- Ausencia de identidade social:

A ausencia de identidade social fóra dos roles preestablecidos que durante séculos padeceron as mulleres, alimentou que fosen elas mesmas quen se auto-controlasen entre outras cousas, para protexerse do horror ante o baleiro fóra da identidade que lles viña imposta. Esta forma de represión tense exercido a veces baixo un matriarcado (que a posteriori se recrea como unha utopía que nunca foi), configurando as casas como un Gran Irmán que todo o ve, favorecendo a imposible ruptura de cadeas das mulleres que querían fuxir de semellante calvario. Tal é así que mesmo espiaban entre elas a menstruación, tendo perfecta constancia de calquera “falta”.

A teoría misóxina está tan ben construída, tan ben alimentada por parte dunha masculinidade insegura, aferrada a unha virilidade de cartón pedra, que calquera manifestación diferente, pon en xaque a toda unha elaboración cultural. Pona en xaque porque está construída sobre falsos piares. O home misóxico perde a súa identidade social diante dunha muller libre, e á muller misóxina evidéncianselle as súas propias carencias. Quedan sen terra debaixo dos pés. Por iso é frecuente que para criticar ó feminismo se aluda a unha suposta “destrución da familia”, acusación completamente falsa. O que pretende o feminismo é romper as cadeas dun núcleo familiar erguido sobre os piares do control e o autoritarismo, pero non a familia en si mesma, baseada no amor, no respecto e a na axuda mutua.

8º.- A muller é a máis poderosa e o máis débil dos inimigos.

Se os nazis pensaban iso dos xudeus, os alemáns pensárono dos ingleses, os españois dos árabes... E os misóxicos das mulleres. Nada novo baixo o sol.

Porque, faltaría máis, desde Eva, as mulleres somos culpables ata do mesmísimo “pecado orixinal”(¡!). Isto corrobóranse expresións do tipo: “muller tiñas que ser”, “bruxa”, “andas ti polo medio”, “señorita, pásame por favor co director”, “es a secretaria?”... Mesmo exercendo cargos de responsabilidade, á mínima discrepancia por razóns profesionais, son frecuentes as alusións ó xénero. Esa é a base da misoxinia: a desconfianza, o receo, o medo irracional, ferramentas sempre usadas polo fascismo de calquera signo.

9.- Vivir para loitar ou a vida como un val de bágoas. Mulleres ó estilo da “virxe María”:

Porque para o fascista a vida non ten sentido sen a loita, para o misóxino a muller ou é a eterna sufridora ou non é. Lamentablemente moitas conxéneres toman ó pé da letra semellante aberración e no canto de buscar a súa felicidade, naturalizan ficar instaladas na permanente desdita, cando non, compartir a vida con quen coaduxa á súa miseria. Pero o máis patético é que, no fondo, en moitos casos esa é a vida que ambos queren levar, porque sen esa “loita”, sen esa “resignación”, sen ese “val de bágoas”, fican fóra da súa identidade cultural, social e mesmo individual. Velaí exhortacións como: “hai que ter paciencia”, “hai que resignarse”, “aguanta” etc..., tal e como se recolle na literatura relixiosa: “desculpa sen límites, cre sen límites, aguanta sen límites...”. Desde o meu punto de vista, un auténtico tratado do sadismo (non do amor), que segue a empregarse nos casamentos relixiosos.

Só a educación pode reverter eses estigmas que martirizaron e seguen a martirizar a milleiros de mulleres en todo o mundo.

10.- Elitismo: supremacía masculina

O terrible desta afirmación é que, malia o sinxelamente que se desmontaría por razóns de pura obxectividade, resulta increíble o instalada que está semellante falacia:

Para os nazis a supremacía radicaba na raza aria, en particular nada menos que en Hitler; para os fascistas a supremacía era Benito Mussolini; para os misóxinos, a supremacía radica en todos e cada un dos homes, en todas e cada unha das casas...

Senón fose polas trágicas consecuencias que os tres exemplos teñen tido, resultaría patético. Pero lonxe de darlle un tratamento cómico, cómpre ter moi presente que, como tales afirmacións son insostibles, só se poden manter a base de violencia. E ó misóxino non lle treme o pulso en usar esas ferramentas no caso de ver en perigo a súa condición. Detectalas a tempo é un dos métodos máis efectivos para expulsar do propio entorno a esas persoas. E ter unha independencia económica posibilita a capacidade de supervivencia no caso de verse obrigada a fuxir.

11.- Mulleres como heroínas:

Da permanente busca da loita, do regocixo na dor como o corvo que furga morbosamente na ferida, da recreación enfermiza da muller resignada e sufridora, a relixión e a literatura inundou a historia de “heroínas” ao estilo de Penélope ou a virxe María, á quen nin sequera se lle recoñeceu o dereito a ter tido relacións sexuais para concibir un fillo.

De feito, tal é o asoballamento ás mulleres, que en relación á súa actividade profesional fálase de “conciliála” coa súa vida familiar, dando por feito: primeiro, que todas as mulleres está predispostas a un proxecto vital “convencional”; e segundo: que a vida profesional é secundaria á “verdadeira” vida que, por descontado, é a familiar (concretamente a maternidade).

A diferenza do anterior, a ningún home se lle pide “conciliar” nada, porque el vive unha soa vida, é un único ser. Pero a muller, usada desde tempos inmemoriais, desencializada do seu propio ser, esíxeselle ser capaz de “conciliar” o “pasatempo” profesional, co seu verdadeiro rol que é o de “nai e anxo do fogar”. O cal por definición é imposible, porque somos seres individuais, cunha soa vida e non se trata exactamente de conciliar senón de, no seu caso, compartir un proxecto común e levalo a cabo en termos de igualdade, de amor e de respecto. As medidas que desde as institucións se aproben para mellorar as condicións laborais, non se poden disfrazar como supostas axudas á conciliación ou utilizar politicamente como tal, senón que, sinxelamente, deberan partir da premisa de que todas e todos temos dereito a traballar dignamente, o cal debe ser compatible co proxecto vital que cada quen elixa.

12.- Reproducimos literalmente a cita de Eco, onde na súa análise sobre o fascismo, inclúe de maneira expresa a referencia á misoxinia:

“Debido a que tanto a guerra permanente como o heroísmo son xogos difíciles de xogar, o Ur-Fascista transfire a súa vontade de poder a cuestións sexuais. Este é a orixe do machismo (que implica desdén cara ás mulleres e unha condena intolerante de costumes sexuais non conformistas, desde a castidade ata a homosexualidade). E debido a que tamén o sexo é un xogo difícil de xogar, o heroe Ur-Fascista xoga coas armas, que son a súa Ersatz fálica: os seus xogos de guerra débense a unha invidia penis permanente.”

13.- Populismo cualitativo ou ausencia de dereitos individuais:

A instalación na misoxinia como forma de vida, acaba por anular os dereitos individuais das mulleres (en realidade tamén dos homes que a practican), de modo que soamente “existen” se aceptan formar parte do *modus vivendi* misóxino.

Fóra desas pautas, deses costumes, deses roles, a tribo reacciona violentamente: a ela acusándoa e, de non dobrarse, castigándoa. A el, no caso de que “transixa”, menosprezándoo con descalificativos que habitualmente fan referencia á condición feminina: “é pouco home”, “está dominado”, “non se viste polos pés”, “é a muller quen leva os pantalóns”, “é un marica”... Ou sexa, que o populismo cualitativo

misóxino, anula os dereitos individuais (en particular das mulleres pero non en exclusiva) en aras ó mantemento dos seus convencionalismos.

Tal é así que aínda no caso de que o home chegue ata o asasinato, basta con botar unha ollada á tendenciosa linguaxe da prensa: as mulleres asasinadas por violencia de xénero sempre son “atopadas mortas” ou “aparecidas sen vida”. Estas expresións diminúen a trascendencia do feito en si, e que a simple palabra asasinato implica. Do cal se deduce que, para unha parte da sociedade, o asasinato dunha muller non é equiparable (ten menos importancia) que calquera outra morte violenta en diferentes circunstancias.

14.- Neo-linguas ou a linguaxe sexista:

As expresións misóxinas inundan todo o repertorio musical, desde os boleros, pasando pola copla, o pop, ata o reguetoon. É unha linguaxe feita exprofeso para referirse as mulleres, case sempre tomando como punto de partida a súa sexualidade: “ten un bo polvo”; “está necesitada”; a súa maldade innata: “é unha lercha”, “só busca os cartos”; ou unha ridícula e suposta inferioridade intelectual: “a ver que che explico”, “isto non é para ti”, “quita do medio”, “pásame co xefe”, “onde haxa un home”...

....

Conclúe Umberto Eco afirmando que a *“Liberdade e a liberación son unha tarefa que non acaba nunca”* e coido que tamén é máis que acaído para argumentar a nosa teoría de que a misoxinia é unha expresión fascitoide.

A loita contra o machismo é unha actitude diaria; cada día, ao longo de cada xornada laboral, de cada reunión familiar, as mulleres somos agredidas con ferramentas ás veces subrepticias como a condescendencia, a dación de consellos cando non son solicitados, a falsa cortesía que tantas veces agocha “babosería”... ou mesmo cando nos vemos obrigadas a escoitar a “señores que nos explican cousas...”.

Só expulsando das nosas vidas ese tipo de comportamentos e mesmo, en caso de ser necesario, expulsando do noso entorno persoal e laboral aos autores dese tipo de condutas, non deixando que nos condicionen ou nos auto-condicionen, accederemos á liberación individual.

A liberación da muller é a base da corrente feminista cuxa esencia, ó meu criterio, é idéntica á que no seu momento auspiciou a abolición da escravitude. Do mesmo xeito que a día de hoxe é insostible argumentar a favor do escravismo, é insostible argumentar en contra do feminismo. Porque a evolución da humanidade, o progreso

da civilización, pasa forzosamente por recoñecer a liberdade intrínseca de todo ser humano, con independencia do xénero, a raza, a relixión ou a súa procedencia. Por máis que os políticos de quenda torzan e retorzan o trapo das súas discusións, hoxe en día o fito máis perentorio ó que se enfronta a humanidade é acadar a definitiva liberación das mulleres. Pois así como outros pensamentos de idéntica base ética se acabaron por impoñer, ou cando menos recoñecer unanimemente, o certo é que non é así (en pleno ano 2020!) no caso do feminismo. Por iso cómpre ter presente que a consecución da liberdade é unha tarefa “que non acaba nunca”, pero existe, non ten marcha atrás e pasa por sermos DONAS DO NOSO SOLDADO.

REDEIRAS

*Tía Felisa, tía Elvira do Caramanchón,
tía Manola, madriña, redeiras
de Corme, vaia mulleres nacestes!
Serei eu tamén digna de ser?*

*Na habitación pequena atopei
a estraña agulla marrón,
marrón e brillante o fío
pero eu nunca...*

*Entón madriña ensinoume
a camiñar cunha patela
por toda a casa,
riba do mulido da cabeza.*

*Sempre con garbo, miña nena,
me dicía, e levaba razón: dignidade
vendendo peixe, apañando percebes,
cosendo redes, sendo aborixes galegas.*

*Sendo mulleres que visten
toga ou mantelo, andar
erguidas co sustento
nas mans dunha mesma.*

*Como ti me aprendetes, madriña,
a palabra liberdade
cósenas, circunspectas, mares
de mulleres como as redeiras:*

*Constantes como as mareas
o que a auga lles devolve
nun diálogo cómplice
elas recrean....*

A Coruña, inverno do 2020.